

Xestionado por [Vieiros](#)

Ferrín, candidato do Centro PEN Galicia

Amos Oz encabeza as apostas ao Nobel de Literatura

Os nomes máis votados en Ladbrokes.com son os de Oz, Assia Djebar, Luis Goytisolo, Joyce Carol Oates e Philip Roth.

Redacción - 14:30 28/09/2009

O Centro PEN Galicia volve propor a [Xosé Luis Méndez Ferrín](#) para o [Premio Nobel](#) de Literatura. O mes que vén a Academia Sueca dará a coñecer os gañadores do Nobel de Medicina, de Física, de Química e de Economía, e confirmará a data na que anunciará o premio de Literatura. En internet xa se fan apostas, e Amos Oz sitúase na web [Ladbrokes.com](#) como o escritor con máis posibilidades.

A sección galega do International PEN volveu propor a Méndez Ferrín ao Nobel, respondendo así á petición anual de candidaturas que a Academia Sueca envía ás diferentes seccións do PEN. Luís González Tosar, presidente do Centro PEN Galicia, sinala que en Ferrín “cúmprense as condicións para ser o noso candidato”. O autor de *Con pólvora e magnolias* é o nome proposto cada ano pola organización desde 1995.

Fagan as súas apostas

De gañar Ferrín o máximo galardón literario, sería unha auténtica sorpresa para os apostantes en internet. O Premio Nacional de Cultura non figura entre os 60 autores aos que lle ven máis posibilidades na casa de apostas británica Ladbrokes.com. Esta lista encabézaa o israelí [Amos Oz](#), cunhas apostas de 4 a 1. Ségueno a directora de cine e novelista alxerina [Assia Djebar](#) (5/1) e o poeta [Luis Goytisolo](#) (6/1). Haruki Murakami, os estadounidenses Joyce Carol Oates, Philip Roth e Thomas Pynchon, os italianos Claudio Magris e Antonio Tabucchi, e o sirio Adonis tamén figuran entre os favoritos.

Entre os candidatos dos apostantes non falta Bob Dylan (apostas 25 a 1) e algúns dos nomes máis coñecidos da literatura actual: Mario Vargas Llosa, Salman Rushdie, Don deLillo, Joan Marsé, Michael Ondaatje, Milan Kundera ou Alice Munro. O Nobel do 2008, [Jean Marie Le Clézio](#), figuraba o ano pasado entre os favoritos en Ladbrokes.com, cunhas probabilidades de 14 a 1.